

Presentado o número 64 da revista Lvcensia

25/05/2022 por A Nosa Voz



Lois Ladra, autor do primeiro dos artigos que inclúe a revista

O mércores 25 de maio presentouse no salón de actos do Seminario o número 64 da revista *Lvcensia*. O acto estivo presentado por Luis Varela e o director da publicación, Gonzalo Fraga encargouse de dar a coñecer os **contidos**.

Interveu Lois Ladra, autor no número que se presenta dun traballo titulado “O adiviñanceiro popular do Corgo”. Na súa intervención explicou que “ademais de revisar todas as fontes documentais, fontes escritas tanto inéditas como publicadas, tamén temos que contar co traballo do alumnado dos centros escolares. É un traballo libre, voluntario e extraacadémico. Quen quere apúntase e cubre uns cuestionarios. O tempo no que estivemos encerrados vímolos como unha oportunidade para facilitar a comunicación entre pais, fillos e netos e facer a recollida nos anos 2021 e 2022. O traballo realizado pode usarse como base para unha proposta didáctica para os centros de

ensino primario e secundario. E tamén se trata de que o material quede rexistrado no 2022 e non se perda nun futuro”.

Pechou o acto o Vicario Xeral da Diocese, Mario Vázquez, que transmitiu unhas verbas de alento “ao Consello de Redacción de *Lvcensia*, aos asesores e a todos os colaboradores, para que non decaia tan inxente labor de investigación e tanto esforzo realizado durante 32 anos. Somos xa, por *Lvcensia*, membros dunha comunidade perseverante que non cansa de traballar e loitar pola cultura local. Isto é, sen dúbida, un dos mellores xeitos de entender a cultura universal e a pluralidade. Os lectores deste número fará gozar cos retazos da historia da cidade, da provincia, da Diocese”.

